

Texto: **CARLES CANO**
 Ilustracións: **OLIVEIRO DUMAS**
 Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartóné. Antitextos
 32 páxinas a toda cor. 16x16 cm.
 Dispoñible en:

- Galego: "Os tres lobiños e o porco"
ISBN 978-84-935804-4-5
 - Castelán: "Los tres lobitos y el cerdo"
Textos Infames. ISBN 978-84-935804-3-8
- Prezo: 10 €

OS TRES LOBIÑOS E O PORCO



Había unha vez tres lobiños espelidos, educados, aboenciosos, astutos e noxentamente relambidos. Traballaban como directivos nunha empresa multinacional...

...Todo sería felicidade, harmonía e aborrecemento na vida deste trío se non fose por un porco repugnante e execrable que llas tiña gardadas desde os tempos do colexio.

Non é unha historia edificante -xa o recoñecen os seus autores- mais tampouco pretende adoutrinar, senón divertir ao lector cun relato irreverente, grotesco e politicamente incorrecto. No fondo, contén unha severa crítica hacia a sociedade que prima o éxito persoal e a competitividade por riba de valores como o compañeirismo e a solidariedade.

Autor e ilustrador reinventan o conto tradicional dos "Tres Porquiños" e invirten o papel dos seus personaxes, de maneira que, nesta nova versión da fábula, os lobos son perseguidos polo porco.

Precisamente, o que advirte esta traxicomedia é ao que podemos chegar cando, dende a infancia, se nos inculcan valores egoístas que promoven o individualismo: unha sociedade marcada pola desconfianza, o afán de revancha, a envexa e a infelicidade.

- **Temática:** fábula sobre o éxito efémero
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** revisión do conto dos 'Tres porquiños'; ilustracións planas e expresivas, a base de fotocomposición; relato atrevido de linguaxe politicamente incorrecta

CARLES CANO (Valencia, 1957)

É un dos autores máis recoñecidos do actual panorama literario infantil español. Foi galardoado en 1994 co Premio Lazarillo de Literatura Infantil. Traballa como profesor de catalán nun centro de ensino secundario. Ten publicado, entre outras obras, o libro "A árbore das follas Din A-4" na colección MareMar de KALANDRAKA, dispoñible tamén en castelán.



OLIVEIRO DUMAS (Valencia, 1964)

É o pseudónimo do artista David Roselló. Desenvolveu parte do seu traballo no eido do deseño gráfico. Tamén se dedica á realización de cómics, animacións e ilustracións para libros destinados ao público infantil e xuvenil, entre os que destacan "O gato lambón", publicado en KALANDRAKA, dispoñible en galego e castelán. Dende 1994 vén participando en diversas exposicións individuais e colectivas. Foi seleccionado polo Ministerio de Cultura para representar a España na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia (Italia).